



SOCIEDAD DE MONTAÑA

**ARTABROS**

DESDE 1974

# COÑECE E CAMIÑA

**19 de Outubro de 2025**

**RUTA SAN MAMEDE (LUGO) ATA A IGREXA  
DE TÓRDEA (CASTROVERDE)**  
Mesturando a Vía Künig cas vías  
XIX e XX  
do Itinerario Antonino.

## Descrición do percorrido.

No CyC de hoxe imos camiñar por amplos espazos vencellados ás vías XIX e XX do grandioso *Itinerario Antonino* do Imperio Romano, no tramo que unía dúas das capitais conventuais da Gallaecia, Lugo a Astorga, con variantes de especial relevancia da chamada *Vía Künig* nesta mesma zona e, grazas aos *aggeres* (ou lombos) que atoparemos durante a andaina, identificaremos definitivamente como facían os romanos as súas calzadas.

Comezaremos a nosa ruta nas inmediacións da igrexa de San Mamede, ao carón da A6, para irmos na busca do percorrido descrito polo xa citado monxe servita alemán arredor de 1486. Hai que dicir que este trazado coincide neste concello en boa parte co proposto para a vía romana polos arqueólogos que fixeron os estudos do proxecto *Vías Atlánticas*, financiado pola UE e realizado nesta provincia pola Deputación de Lugo. Moi pronto veremos como ambas alternativas contan coa súa propia sinalización, sendo ambas, versións adaptadas para camiñantes do século XX. Sen dificultades no camiño, chegaremos ás aldeas de **Coeo e Arxemil** —esta última xa no concello do Corgo— onde se atoparon varios miliarios en distintos estados de conservación, xunto con outras estruturas que lembran o seu pasado milenario.

Seguiremos despois cara á fermosa **Ponte dos Galiñeiros**, unha reconstrución do século XVII —exacta á anterior— da que se dicía naquela época que “non se cobraba peaxe”. Ben seguro é que tivo que ter un precedente romano. Antes de chegar a **Pedrafita** —topónimo que indica ás claras a presenza dunha pedra fincada ou fixada no chan, posiblemente outro miliario desaparecido— pasaremos ao carón dos misteriosos **Sartegos da Groba**.

A partir de aquí, deixamos definitivamente a Vía Künig para dirixirnos á **Ermida das Virtudes**, enclave romeiro de moita sona na comarca, onde no ano 1924 descubriuse unha ara a Mercurio, deus do comercio e tamén dos viaxeiros e dos camiños. Pregamos a súa protección.

Temos previsto xantar neste paraxe e, despois, tirar camiño á **Casa Nova** dando unha pequena volta polo monte. Neste tramo teremos que cruzar uns 150 metros de vexetación moi densa, onde ademais o camiño leva anos perdido, polo que é moi recomendable avanzar en grupo compacto, xa que doutro xeito é moi doado perder o rastro dos que van diante.

Superada esta fase, chegaremos ás inmediacións de **Campelo**, onde atoparemos un dos puntos máis salientables desta xornada, pois é o lugar no que veremos eses “*aggeres* ou lombos” xa mencionados, dos que quedan poucos exemplos en Galicia. Aquí aprécianse perfectamente como se facían realmente as vías romanas máis importantes do Imperio. Estas calzadas estaban feitas por varias capas, tiñan 1,5 m de alto e uns 6 m de ancho, e estaban cubertas de zahorra para permitir a boa circulación de carros e cabalos que, por certo, non levaban ferraduras. Nada que ver coas calzadas empedradas que adoitan amosar os libros de texto ou os contos de Astérix.

A ruta continúa sen máis atrancos por **Baldomiro e Rubial** e, antes de chegar a **Tórdea**, xa no concello de Castroverde, pasaremos ao carón doutro miliario, nesta ocasión formado por varios fragmentos apilados uns enriba dos outros. Os especialistas afirman que nesta poboación houbo unha *mutatio* (unha estación de descanso para cambiar os cabalos). Porén, o máis salientable é a contemplación das múltiples singularidades da súa capela, na que aprécianse distintas reconstrucións con numerosos elementos de épocas claramente diferenciadas, tanto no interior como no exterior.

Cómpre destacar que, na ábsida, consérvanse unhas fermosísimas pinturas manieristas (Renacemento tardío), con representacións dos catro evanxelistas, que poderemos admirar grazas á amabilidade do veciño que garda as chaves.

“Os bos é xenerosos a nosa voz *entenden*”.

Só queda que a desfrutedes.



Resumen estadístico:

Distancia: 17,86 km.

Desnivel negativo: 154 m.

Desnivel positivo: 213 m.

Dificultade técnica: Moderada

**Código da Actividade: 71200480**

**Teléfono/WhatsApp  
623504771**





509 m

418 m

17.86 km